

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SAN	Sanidade	CSSAN02	Próteses dentais	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0854	Deseño funcional de próteses	2023/2024	4	133	133
MP0854_13	Anatomía do aparello estomatognático e oclusión	2023/2024	4	50	50
MP0854_33	Elaboración de modelos, cubetas individuais, pranchas base e rexistros de oclusión	2023/2024	4	48	48
MP0854_23	Deseño de próteses, aparellos de ortodoncia e férulas oclusais, e deseño asistido por computador	2023/2024	4	35	35

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARTA FERRÓN GÓMEZ (Subst.)
Outro profesorado	MARTA FERRÓN GÓMEZ

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este módulo profesional contén a formación necesaria para desempeñar as funcións de definición e deseño do produto, control e aseguramento da calidade, prevención, seguridade e protección.

A definición destas funcións abrangue aspectos tales como:

- Recoñecemento das características anatómicas do aparello estomatognático e a súa relación.
- Interpretación da prescrición facultativa.
- Elaboración de cubetas individuais, pranchas base e rexistros de oclusión.
- Obtención de modelos.
- Análise da oclusión no articulador.
- Deseño de próteses ou orteses dentais mediante programas informáticos.

As ocupacións e postos de traballo máis relevantes para o título de Técnico@ superior en prótese dental son:

- Técnico/a superior en Prótesis Dentales.
- Técnico/a especialista en Prótesis Dentales.
- Responsable técnico/a de un laboratorio de prótesis dental.
- Comercial en la industria dental o depósitos dentales.
- Responsable técnico/a en departamentos de investigación y desarrollo de productos en la industria dental.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Anatomía e fisioloxía do aparello estomatognático.	Osos e músculos da cara e cranio e a súa relación coa oclusión. Dinámica da ATM. Estructuras da cavidade oral.	36	20
2	Supervisión da oclusión	Guías dos movementos na masticación, montaxe nos articuladores semiaxustables e rexistros de valores individuais	32	20
3	Obtención do positivado da impresión	Impresións, vaciado e recorte dos modelos. Zocalado dos modelos.	16	15
4	Elaboración de modelos, cubetas individuais, pranchas base e rexistros de oclusión	Elaboración de cubetas, pranchas base e rexistros de oclusión	23	15
5	Proceso de fabricación. A prescripción facultativa e lexislación	Normativa legal das próteses dentais. Rexistros de datos	10	10
6	DAO de próteses	Diseño asistido por ordenador	16	20

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Anatomía e fisioloxía do aparello estomatognático.	36

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece a estrutura do aparello estomatognático, e describe as características dos seus compoñentes e o seu funcionamento.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Definíronse as principais estruturas óseas e articulares do cráneo e da cara.
CA1.2 Relacionáronse os músculos do cráneo e da cara coa oclusión.
CA1.3 Detállouse a dinámica da articulación témporo-mandibular (ATM).
CA1.4 Especificáronse as estruturas morfolóxicas da cavidade oral.
CA1.5 Describiuse a cronoloxía da erupción dental.
CA1.6 Identificouse a morfoloxía dos dentes e dos tecidos de soporte.
CA1.7 Modeláronse os dentes co material seleccionado, reproducindo a súa morfoloxía
CA1.8 Descríbense as características da dentición temporal, mixta e permanente.
CA1.9 Codificáronse os dentes segundo diversos sistemas de nomenclatura.
<a href="#">OCA1.10 Valorouse a orde, limpeza, organización, iniciativa e traballo en equipo en todas as fases do proceso de modelado de pezas dentarias.</a>

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Anatomía maxilofacial.
0Periodonto.
Trazos anatómicos dos maxilares edéntulos.
Alteracións xinxivais e/ou dentarias.
Fisioloxía do aparello estomatognático.
Ósos e músculos do cráneo.
Neuroanatomía funcional e fisioloxía do sistema mastigatorio.
Cavidade bucal: estruturas que a forman e as súas funcións.
ATM.

**Contidos**

Dentes.

Dentición: temporal, mixta e permanente.

Morfoloxía dos dentes temporais e permanentes.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Supervisión da oclusión	32

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Supervisa a oclusión, para o que se analizan os modelos montados no articulador.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbiuse o manexo do articulador.
CA2.2 Seleccionouse o articulador segundo o tipo de prótese.
CA2.3 Comprobase a idoneidade dos movementos do modelo montado no articulador.
CA2.4 Programouse o articulador segundo os valores individuais.
CA2.5 Descríbíronse os movementos mandibulares en distintos planos e as relacións dos dentes en oclusión céntrica.
CA2.6 Establecéronse os determinantes da oclusión e as actividades funcionais que impliquen contacto dentario.
CA2.7 Descríbiuse a funcionalidade dunha oclusión funcional óptima.
CA2.8 Identificáronse os requisitos oclusais nas restauracións de traballo.
CA2.9 Comprobase que a oclusión é óptima nos aparellos obtidos a partir da avaliación efectuada.
CA2.10 Valorouse a orde e a limpeza en todas as fases do proceso.
0 CA2.10.1 Valorouse a orde e a limpeza en todas as fases do proceso de supervisión da oclusión.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Oclusión.
0 Rexistro e programación do articulador segundo os valores individuais da persoa.
Control de calidade en todas as fases do proceso.
Conceptos estáticos e dinámicos.
Guías dos movementos.
Determinantes ou factores da oclusión.
Desharmonía oclusal.
Movementos do articulador e diferenzas cos da ATM en diferentes tipos.
Técnicas de montaxe dos modelos en diversos tipos de articuladores.



**Contidos**

Transferencia dos modelos ao articulador.

Funcionalidade e manexo de distintos tipos de articuladores semiaxustables.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Obtención do positivado da impresión	16

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Obtén o modelo mediante a positivaxe da impresión, e describe as técnicas de elaboración.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbiuse o comportamento dos materiais empregados na confección de impresións e modelos.
CA1.2 Defíníuse o procedemento que garanta a estabilidade dimensional da impresión.
CA1.3 Mesturáronse os compoñentes en proporcións e tempos segundo especificación de fábrica.
CA1.4 Selecciónanse e utilízanse os aparellos que se empregan no proceso.
CA1.5 Identifícanse lugares de emprazamento e medidas de seguridade e de mantemento do aparellos.
CA1.6 Seguíuse o procedemento para a obtención do modelo.
CA1.7 Compróbase que o modelo obtido satisfaga os criterios de fiabilidade e calidade.
CA1.8 Aplicáronse as normas de prevención de riscos.
CA1.9 Aplicouse a lexislación en tratamento de residuos e protección ambiental.
<a href="#">OCA1.10 Valorouse a orde e a limpeza en todas as fases do proceso de obtención do positivado da impresión.</a>

**4.3.e) Contidos**

Contidos
<a href="#">Criterios actitudinais na organización e na xestión do proceso produtivo do positivado da impresión.</a>
0Aspectos lexislativos no tratamento de residuos e na protección ambiental.
Materiais de impresión para a obtención de modelos.
Cubetas para a obtención do modelo.
Materiais para o modelo.
Técnicas de baleiramento.
Encofrado de impresións mucodinámicas ou funcionais.
Modelo partido split-cast.
Criterios de calidade do proceso.
Prevención de riscos químicos e biolóxicos no proceso de positivaxe.





**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Elaboración de modelos, cubetas individuais, pranchas base e rexistros de oclusión	23

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Elabora cubetas individuais, pranchas base e rodets de articulación, para o que selecciona materiais e técnicas.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbóronse materiais e técnicas de elaboración de cubetas.
CA2.2 Identificáronse os trazos anatómicos do modelo.
CA2.3 Realizouse o deseño establecendo os límites dos bordos.
CA2.4 Realizouse a cubeta individual co material seleccionado, establecendo os límites deseñados.
CA2.5 Descríbóronse materiais e técnicas de elaboración de pranchas base.
CA2.6 Comproboouse a estabilidade e os axustes das pranchas base sobre o modelo.
CA2.7 Confeccionáronse roletes de oclusión en edéntulos parciais e totais.
CA2.8 Seguíronse os protocolos establecidos para a elaboración de cubetas, pranchas base e rexistros de oclusión.
CA2.9 Conseguíronse os acabamentos necesarios para non danar tecidos brandos.
CA2.10 Valorouse a organización e a xestión na realización das tarefas do proceso produtivo.
0 CA2.10.1 Valorouse a orde, limpeza, organización, iniciativa e traballo en equipo en todas as fases do proceso de obtención de cubetas, adaptación de pranchas base e rodets de oclusión.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Deseño sobre impresións e modelo.
Tipos de cubetas.
Materiais para cubetas.
Técnicas de elaboración de cubetas.
Materiais para pranchas base.
Técnicas de adaptación de pranchas base.
Materiais para rexistros de oclusión.
Técnicas de adaptación: parámetros de referencia.
Criterios actitudinais na organización e na xestión do proceso produtivo.



**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Proceso de fabricación. A prescripción facultativa e lexislación	10

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Formula o traballo de acordo coas características do produto, relacionando a prescripción facultativa co proceso de elaboración.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Describiuse a normativa legal que deben cumprir as próteses dentais, os aparellos de ortodoncia e as férulas oclusais.
CA1.2 Identifícaronse os datos salientables que deben aparecer na prescripción facultativa.
CA1.3 Rexistráronse os datos de identificación da prótese dental e de aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.
CA1.4 Determinouse a cor e a morfoloxía dental individual.
CA1.5 Seleccionáronse os materiais que se vaian utilizar segundo a súa idoneidade, a calidade, os acabamentos e a fiabilidade.
CA1.6 Seleccionáronse os elementos do produto que cumpren os criterios de funcionalidade estética, calidade e custo.
CA1.7 Determinouse a elaboración da prótese dentofacial, o aparello de ortodoncia ou a férula oclusal segundo os procedementos normalizados de traballo establecidos.
CA1.8 Enumeráronse vantaxes e inconvenientes das posibles alternativas.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Lexislación.
Prescripción facultativa.
Próteses dentais.
Aparellos de ortodoncia e férulas oclusais.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	DAO de próteses	16

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Manexa ferramentas informáticas para o deseño de próteses dentais, aplicando tecnoloxías de deseño asistido por computador.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbóronse as características das aplicacións do deseño asistido por computador.
CA2.2 Definíronse os equipamentos e os medios necesarios para o deseño de próteses ou orteses dentais e aparellos de ortodoncia.
CA2.3 Manexáronse aplicacións informáticas para dixitalizar a impresión e/ou o modelo.
CA2.4 Creouse unha base de datos coa dixitalización da impresión e/ou do modelo.
CA2.5 Descríbóronse os comandos e procedementos de debuxo en dúas e tres dimensións.
CA2.6 Analizáronse as vantaxes e os inconvenientes das técnicas de deseño asistido por computador.
CA2.7 Valorouse a importancia da incorporación de novas tecnoloxías no deseño e fabricación de próteses dentais e aparellos de ortodoncia.
CA2.8 Realizáronse e arquiváronse copias de seguridade dos programas de deseño asistido por computador.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Equipamentos e medios necesarios para a programación do deseño de próteses ou orteses dentais e aparellos de ortodoncia.
Aplicacións informáticas para dixitalizar a impresión e o modelo.
Características das aplicacións do deseño asistido por computador.
Comandos e procedementos de debuxo en dúas e tres dimensións.
Vantaxes e inconvenientes das técnicas de deseño asistido por computador.
Novas tecnoloxías no deseño e na fabricación.
Arquivo e copias de seguridade dos programas de deseño asistido por computador.
Criterios actitudinais na participación en novos programas formativos e proxectos.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS EXIXIBLES

Serán tódolos criterios de avaliación indicados como mínimo esixible para cada Unidade Didáctica da presente programación.

NOTA: os mínimos exigibles aquí establecidos poderán variar segundo a metodoloxía levada a cabo polo grupo, polo que, no caso de que varíe a cualificación de mínimo esixible a non mínimo esixible (ou viceversa) esta modificación será recollida no seguimento mensual e comunicado expresamente na clase.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

As cualificacións trimestrais e finais do módulo obteranse do seguinte xeito:

1. CONTIDOS CONCEPTUAIS (teóricos): 60 % da nota = 40 + 10 ptos obrigatorios + 10 ptos optativos

1.1. PROBAS TEÓRICAS = 40 % = OBRIGATORIAS E ELIMINATORIAS = para a superación do módulo deberase obter unha nota mínima dun 5 sobre 10 en dito apartado.

Versarán sobre os contidos teórico e teórico - prácticos do currículo especificados na programación do módulo, as cales poderán incluír cuestións de diferentes índole, de elección (test), de resposta curta e/ou de desenvolvemento de cuestións relacionadas cos contidos do módulo según necesidades do profesorado, e incluso poderán consistir na realización de traballos sobre a UD correspondente.

NOTA: a cantidade de probas escritas a realizar serán establecidas polo profesorado segundo características do alumnado e temporalización do módulo.

1.2. ACTIVIDADES = 20 %. Actividades sobre os contidos teórico e teórico - prácticos do currículo especificados na programación do módulo, as cales se dividen a súa vez en:

1.2.1. Actividades de Repaso = 5 % = OBRIGATORIAS = ÚNICAMENTE serán CALIFICADAS cando se realice a entrega de como MÍNIMO o 50 % delas, en caso contrario, a nota deste apartado será dun 0 SOBRE 10. A partires da entrega do 50 % das actividades, estas serán puntuadas de 0 a 10 e a nota dividida entre o total de actividades entregadas para obter a NOTA FINAL.

Realizadas polo alumnado trala explicación dos contidos teóricos de cada UNIDADE DIDÁCTICA e no prazo indicado na AULA VIRTUAL, coa finalidade de afianzar ditos contidos. Unha vez realizadas serán subidas o aula virtual en prazo e forma, e a finalización da data de entrega, o profesorado subirá as ACTIVIDADES CORRIXIDAS, para que o alumnado poida cotexalas coas realizadas. A CALIFICACIÓN das mesmas será APTO, en caso de entregalas e NON APTO, en caso de non entregalas.

1.2.2. Actividades de aula = 5 % = OBRIGATORIAS = ÚNICAMENTE serán CALIFICADAS cando se realice a entrega de como MÍNIMO o 50 % delas, en caso contrario, a nota deste apartado será dun 0 SOBRE 10. A partires da entrega do 50 % das actividades, estas serán puntuadas de 0

a 10 e a nota dividida entre o total de actividades entregadas para obter a NOTA FINAL.

Poderán consistir en xogos, dinámicas, fichas de traballo, exercicios de relacionar, etc, sobre os mencionados contidos.

Serán realizadas e corrixidas o mesmo día da súa entrega, polo que aquel alumnado que o día de realización das mesmas non acuda a clase, con ou sen xustificación, non poderá realizalas A POSTERIORI.

1.2.3. Outras actividades = 10 % = OPTATIVAS = a CUALIFICACIÓN de ditas actividades será sumada a NOTA FINAL únicamente a aquelas persoas que realicen a súa entrega, no caso contrario este apartado terá unha nota dun 0 sobre 10.

Actividades e ou traballos de diferente índole, que poderán consistir en fichas de traballo, participación en foros, análise de papers e/ou noticias, exposición de traballos, interpretación de PNTs, etc...

Na corrección dos traballos terase en conta a estrutura, contidos mínimos segundo o especificado polo profesorado, e presentación dos mesmos. No caso de traballos de realización grupal, ademais de todo o anterior, tamén se terá en conta a exposición individual do traballo, a capacidade en equipo e a división do traballo, todo segundo TABOA DE COTEXO.

MEDIA = Deberá obterse unha nota mínima dun 4 sobre 10 en cada unha das partes mencionadas OBRIGATORIAS para poder facer media coas restantes partes dos CONTIDOS PROCEDIMENTAIS. As partes OPTATIVAS únicamente serán calificadas cando sexan entregadas, en caso de non entregarse, terán unha nota dun 0 sobre 10.

2. CONTIDOS PROCEDIMENTAIS (prácticos): 40 % da nota = 20 + 10 ptos obrigatorios + 10 ptos optativos

2.1. PROBAS PRÁCTICAS (Laboratorio) = 20 % = OBRIGATORIAS E ELIMINATORIAS = de xeito que para a superación do módulo deberase obter unha nota mínima dun 5 en dito apartado.

Realización das prácticas na aula por parte do alumnado e entrega para a súa calificación polo profesorado en tempo e forma según indicacións do profesorado e do AULA VIRTUAL. A súa corrección realizarase por medio DE TABLAS DE COTEXO basándose na calidade das tarefas.

2.2. TRABALLO NO LABORATORIO = 10 % = OBRIGATORIAS E ELIMINATORIAS = de xeito que para a superación do módulo deberase obter unha nota mínima dun 5 en dito apartado.

Calificarase de xeito individual o traballo diario, a orden, limpeza, traballo en equipo, cumprimento dos grupos de limpeza semanal, correcta utilización e manipulación dos materias e equipamentos de traballo e entrega en tempo e forma dos traballos realizados, o cal será avaliado según TABLA DE COTEXO.

2.3. OUTRAS ACTIVIDADES PRÁCTICAS= 10 % = OPTATIVAS = a CUALIFICACIÓN de ditas actividades será sumada a NOTA FINAL únicamente a aquelas persoas que realicen a súa entrega, no caso contrario será dun 0 sobre 10.

Outras actividades relacionadas cos contidos práctico - teóricos do currículo especificados na programación do módulo, como prácticas adicionais, realización de PNTs, seminarios de formación, etc.

MEDIA = Deberá obterse unha nota mínima dun 4 sobre 10 en cada unha das partes mencionadas para poder facer media coas restantes partes dos CONTIDOS CONCEPTUAIS.

\* Observacións:

Se non se prevé ou non é posible a realización dalgún dos puntos citados anteriormente nalguna das unidades didácticas, a porcentaxe de dito apartado distribuirase entre o resto dos criterios do punto ao que pertence. No caso de non darse ningún apartado nos que se divide algún contido, p.e. contidos procedimentais, a porcentaxe distribuirase entre os puntos nos que se se dividen os contidos conceptuais.

#### NOTA DAS AVALIACIÓNS

Para a superación da AVALIACIÓN deberá acadarse unha nota MÍNIMA dun 5 sobre 10, calculada coa media de cada un dos apartados mencionados anteriormente. O valor trimestral corresponde aos criterios de avaliación vistos ata o momento da avaliación e tendo en conta a porcentaxe dos mesmos e o seu peso ponderado na unidade didáctica.

A nota que figurará nos BOLETÍNS TRIMESTRAIS, será un número enteiro, o cal corresponderá co número enteiro sen decimais, é dicir, será redondeando cara arriba cando o primeiro decimal sexa 5 ou superior, e cara abaixo cando sexa inferior a 5 a nota obtida redondeada cara abaixo.

As datas de exame serán establecidas polo profesorado do módulo correspondente, e só se farán exames extraordinarios fora de ditas datas por motivo de forza maior segundo a NORMATIVA DO CENTRO e SEMPRE, coa correspondente xustificación escrita de dita falta.

#### NOTA FINAL

Para acabar a NOTA FINAL do módulo, cada unidade ten unha ponderación visible no apartado 3 desta programación. Terase en conta a porcentaxe dos criterios de avaliación de cada unidade didáctica e o peso ponderado que ten cada unidade no módulo.

Para a superación do módulo deberase acadar unha NOTA MÍNIMA dun 5 sobre 10.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Segundo o artigo 29 da Orde do 12 de Xullo de 2011 de desenvolvemento, avaliación e acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial (DOG 15 de xullo de 2011), o alumnado que teña módulos pendentes entre a 3ª avaliación parcial e a final de módulos, deixarase un período non superior a 3 semanas que, entre outras actividades, destinarase á realización de actividades de recuperación dos módulos pendentes, deseñadas en base ó informe individualizado, elaborado polo equipo docente logo de realizada a 3ª avaliación. Polo tanto, as recuperacións das avaliacións suspensas, serán realizadas durante o período habilitado para tal fin, segundo CALENDARIO ESCOLAR, e NON durante o transcurso das avaliacións.

#### PROBA EXTRAORDINARIA

Só se realizará recuperación dos apartados 1.2. Probas teóricas e 2.1. Prácticas de laboratorio, as cales consistirán no mesmo tipo de probas realizadas nas avaliacións parciais, segundo os criterios establecidos sobre contidos mínimos esixibles non acadados, teóricos e/ou prácticos, en cada unha das avaliacións.

Os restantes apartados serán tidos en conta coa nota obtida nas avaliacións parciais e con eles se fará a media final, pero non se se fará a recuperación propiamente dita dos mesmos.



A cualificación de ditas probas seguirá os mesmos criterios de cualificación mencionados para as avaliacións xerais, polo que, para a superación de ditas probas, deberase alcanzar unha nota mínima dun 5 sobre 10 en cada unha das partes mencionadas (teórica e práctica) de cada unha das avaliacións pendentes. Dita nota será substituída pola nota obtida durante as avaliacións ordinarias do curso.

Non se realizarán recuperacións das avaliacións por partes, por exames ou tarefas e/ou traballos suspensos, sempre por avaliación enteira.

#### NOTA FINAL

A nota final do módulo será calculada cós mesmos criterios que para as avaliacións parciais, facendo media con tódalas partes realizadas polo alumnado, substituíndo as notas suspensas polas notas obtidas nas recuperacións, en cada un dos apartados mencionados anteriormente nas 3 avaliacións. Así mesmo, terase que ter en conta, o carácter excluínte de cada unha das partes, de xeito que aquelas persoas que non alcancen unha nota mínima dun 5 en cada unha delas, ben sexan probas teóricas, prácticas ou tarefas e traballos, non poderán superar o módulo.

A nota final do boletín será igualmente un número enteiro, o cal tamén será redondeando cara arriba cando o primeiro decimal sexa 5 ou superior, e cara abaixo cando sexa inferior a 5.

Para a superación do módulo deberase acadar unha NOTA MÍNIMA dun 5 sobre 10.

O alumnado que desexe SUBIR NOTA no módulo, poderá acudir á realización dun exame final, que versará sobre os contidos teórico e/ou teórico-prácticos do currículo establecidos na programación, o cal poderá consistir nunha proba escrita, con preguntas de diferente índole, tipo test, curtas ou de desenvolvemento e/ou unha parte de traballo práctico no laboratorio. A nota acadada en dita proba, será a nota final do módulo sexa maior ou menor á obtida anteriormente.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O número máximo de faltas de asistencia, non xustificadas ou xustificadas, segundo a normativa dos CIFP, para ter dereito á avaliación continua será do 10 % das horas do módulo.

A perda deste dereito supón a perda a avaliación continua e polo tanto a realización de exames parciais, pero dáse dereito a unha avaliación extraordinaria despois da avaliación final do módulo, que consistirá nunha proba teórica e outra proba teórico-práctica e/ou práctica sobre os contidos do módulo.

A perda de avaliación permite a asistencia do alumnado a clase aínda que non a ser examinado parcialmente.

O alumnado que perdera o dereito á avaliación continua poderá presentarse a unha proba extraordinaria de avaliación final dos módulos durante o período de recuperación fixado segundo calendario oficial do centro, despois da avaliación final do mesmo.

#### CONTIDO DO EXAME EXTRAORDINARIO PERDA DE AVALIACIÓN

1º Parte. Proba teórica (eliminatória): versará sobre os contidos teórico e teórico-prácticos da programación. Poderá consistir en preguntas tipo test, resposta curta o desenvolvemento de contidos do módulo.

Dita proba será de carácter excluínte, de xeito que o alumnado que non supere dita proba non poderá acceder a realización da seguinte parte. A duración máxima desta parte será de 2 horas.

2º Parte. Proba práctica (eliminatória): versará sobre os contidos prácticos e teórico-prácticos da programación. Poderá consistir en desenvolver

algún concepto práctico segundo os contidos da programación e/ou contestar preguntas tipo test, resposta curta o de desenvolvemento referidos os mencionados contidos. Dita proba será de carácter excluínte, de xeito que aquelas persoas que non a superen terán o módulo suspenso. A duración máxima desta parte será de 3 horas.

#### CRITERIOS DE CALIFICACIÓN

- 1º Parte. Proba teórica. Cuantitativa 70% (0-10 puntos)
- 2º Parte. Proba práctica. Cuantitativa 30% (0-10 puntos) (En caso de existir contidos prácticos no módulo).

Para acadar a cualificación positiva na proba de avaliación extraordinaria haberá que acadar unha nota mínimo de 5 sobre 10 como media de ambas probas, tendo en conta que se o alumnado acada una nota inferior a 5 nalgunha delas, non poderá superar o módulo.

NOTA: poderase modificar a porcentaxe de cualificación das probas teórico e práctica, e/ou a suspensión e/ou substitución por outras actividades dalgunha delas, segundo criterio do profesorado, o centro educativo, previa notificación o alumnado afectado.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

Os principais indicadores do grao do cumprimento da programación serán:

- O grao de cumprimento da temporalización
- O logro dos obxectivos programados
- Os resultados académicos acadados

Para a avaliación da práctica docente recabarase información a través de cuestionarios periódicos ou peticións de opinións aos alumnos nos que se solicitará valoración sobre a metodoloxía e aspectos relativos á docencia, a forma de traballo na aula e no taller, técnicas de avaliación, así como cuestións que indiquen se se acadaron os obxectivos das distintas unidades didácticas.

O seguimento e/ou modificación da programación realizarase nesta plataforma según os criterios establecidos na mesma, deixando reflexado a porcentaxe de consecución dos obxectivos e cumprimento da programación así como os cambios introducidos na mesma, os seus motivos e as novas necesidades, según os prazos establecidos.

Ó final de curso cada docente realizará a Memoria final do módulo segundo o modelo establecido (MD.85.PRO.04) na que se incluírán todas as propostas de mellora feitas durante o curso e que servirán como base para a elaboración das programacións do vindeiro curso.

Ademais realizarase a avaliación final desta programación didáctica, na que se anotarán todas as incidencias acaecidas ao longo do mesmo. Esta avaliación será realizada en principio polo profesorado, que anotará as súas observacións nun impreso que recolla todos os apartados da mesma.

NOTA: en caso de adopción de situacións especiais derivadas da pandemia sanitaria, como son semipresencialidades, confinamentos parciais ou totais do grupo, e/ou confinamento da poboación xeral, adoptaranse metodoloxías específicas para a adaptación da programación as necesidades que xurdin derivadas de dita situación.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Realizarase unha avaliación inicial para detectar os coñecementos previos do alumnado en relación ó módulo.  
Observarase ó alumnado nas primeiras semanas do curso e emitirase un informe para o titor/a.

O titor/a recabará os informes individualizados do alumnado repetidor, información de estudos académicos, ditames específicos do alumnado con calquer tipo de discapacidade, con necesidades educativas especiais e experiencia laboral previa.

Segundo o artigo 28 da Orde do 12 de Xullo de 2011, o/a titor/a levantará acta dos acordos da sesión de avaliación inicial do equipo docente, e remitirá copia á xefatura de estudos.

NOTA: debido a situación de pandemia sanitaria actual, e preciso levar a cabo a detección de posibles brechas dixitais no alumnado do grupo.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Para os alumnos que presenten carencias importantes na formación básica ou formación profesional de base que impida conseguir un aproveitamento aceptable nas sesións de ensinanza-aprendizaxe facilitaranse conceptos de apoio e soporte. Asemade reforzase a realización de traballos que comprendan o máis esencial dos criterios de avaliación de cada unidade a modo de contidos mínimos.

Adaptarase tamén as actividades de ensinanza-aprendizaxe esixindo un nivel de concreción inferior e con menos variables.

Darase a oportunidade á realización de actividades extra para compensar as carencias que son detectadas.

A diversidade do alumnado que conleva o sistema educativo obriga a realizar adaptacións máis ou menos significativas en cada un deles, de cara a conseguir o mellor desenvolvemento posible das capacidades, expresadas nos obxectivos xeráis.

Así pois, surde a necesidade de realizar adaptacións do currículo.

A atención o alumnado con NEE rexirase polos principios de normalización e integración escolar, e dicir, co resto dos alumnos, no mesmo centro e se expresará no:

- D.C.B. - A Administración educativa concreta o currículo para toda a poboación escolar.
- P.C.C. - O centro acomoda o currículo dacordo coas características dos seus alumnos, do seu contexto socio-cultural e do propio centro.
- Programacións de aula - Os Equipos Docentes ou Departamentos adecuan o currículo dacordo as características dos alumnos do ciclo e /ou aula.
- A.C.I. - Os titores, profesores e profesores de apoio, asesorados por especialistas, acomodan o currículo tendo en conta as características individuais.

Ante a posible existencia de alumnos cun grao insuficiente de desenvolvemento das competencias curriculares básicas, sobre todo nos ámbitos da comprensión, da expresión e da reflexión -, coa conseguinte dificultade na asimilación de contidos, é necesario prever nas unidades didácticas actuacións concretas para cando se detecten ditas situacións.

Terase que reforza-los aprendizaxes deses alumnos con actividades específicas planificadas dacordo coas súas necesidades.

As posibles adaptacións no só deberán responder a criterios de eficiencia na consecución das capacidades terminais, senon que tamén serán elementos de valor:

Ritmos de aprendizaxe, as motivacións do alumnado, seus intereses e expectativas, seu grao de integración, etc.

Todo de cara a realiza-las oportunas modificacións nas programacións, sobre todo no ámbito da aula, para conseguir unha plena integración de tódolo alumnado na dinámica da materia e un desenvolvemento correcto das capacidades.

Desta maneira, favorecerase a autoestima do alumnado e valorarase o esforzo que realizan, para mellorar seu rendemento, nun intento de potencia-la avaliación formativa, axustando a axuda pedagóxica as súas necesidades reais de aprendizaxe.

Para levar a cabo calquer tipo de reforzo ou adaptación (sempre en colaboración do titor e do orientador) deberánse revisar algúns elementos básicos da programación:

- As capacidades terminais e os contidos
- Desenvolvemento dos máis importantes en cada caso.
- Establecemento de obxectivos ou contidos alternativos e /ou complementarios.
- Modificación, ampliación ou eliminación de obxectivos ou contidos.

- Variacións na secuencia de contidos (temporalización).
  - A metodoloxía
  - Técnicas de traballo cooperativo.
  - Actividades de pequeno grupo con dificultade gradual.
  - Actividades de reforzo, poden ser alternativas.
  - Reforzo positivo, valora-las capacidades do alumno /a, mellorar súa autoestima.
- Medidas extraordinarias: A.C.I.
- Modificacións tanto en criterios, en instrumentos como en procedementos avaliativos.

NOTA: na situación actual de pandemia sanitaria, e de especial interese, detectar situación de brechas dixitais no alumnado do grupo, pola posible situación de confinamentos parciais, totais y/ou da poboación xeral, coa finalidade de paliar na medida do posible, e facilitar o seguemento nas mellores condicións do alumnado afectado. NOTA: na situación actual de pandemia sanitaria, e de especial interese, detectar situación de brechas dixitais no alumnado do grupo, pola posible situación de confinamentos parciais, totais y/ou da poboación xeral, coa finalidade de paliar na medida do posible, e facilitar o seguemento nas mellores condicións do alumnado afectado.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

No desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe están implícitos o traballo en grupo, a educación cívica, a igualdade de mulleres e homes e a educación para a convivencia. Estes conceptos, así como respecto aos compañeir@s, profesorado, talleres, e material de traballo traballarase a través de diferentes actividades.

Educación medioambiental. As materias primas que utilizamos, as transformacións que podemos realizar e os refugallos que xeramos, inciden directamente na calidade do medio ambiente, polo que deberanse aplicar durante todo o curso as medidas de eliminación de recursos establecidas segundo a normativa dos produtos xerados no laboratorio.

O uso de enerxías renovables, o reciclaxe e a sustentabilidade estarán presentes intrínxicamente pero tamén en forma de actividades específicas.

Educación para a saúde. A saúde é chave na benestar das persoas polo que é importante seguir uns criterios responsables no desenvolvemento do traballo, establecidos segundo os criterios de seguridade e prevención de riscos do laboratorio, que se deberán seguir por todo o persoal que o utilice, coa finalidade de evitar accidentes no entorno de traballo. Así mesmo, teránse en conta os requirimentos específicos e/ou especiais do alumnado, así como os novos hábitos sanitarios.

Equidade de xénero. A perspectiva de xénero no ámbito educativo é de especial interese para transmitir os valores adecuados o alumnado, facendo presente de maneira transversal nos diferentes módulos do ciclo a equidade de xénero como un paso importante para a creación dunha nova sociedade libre de estereotipos e igualitaria. O uso dunha linguaxe inclusiva nas aulas e no material didáctico, así como aportación en feminino referidas os contido do módulo, facilitan o cambio educacional da sociedade cara unha igualdade efectiva e real entre mulleres e homes.

NOTA: na situación actual de pandemia sanitaria, e de especial interese levar a cabo formación en materia de prevención de riscos fronte a infección polo covid - 19 do alumnado durante todo o curso de xeito transversal en tódolos módulos.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Actividades previstas durante o curso escolar Sempre que sexan dentro dos acordos establecidos no R.R.I.e poidan levarse a cabo no desenrolo da programación. A temporización repartirase nos tres trimestres dependendo das dispoñibilidades orzamentarias e da programación.

**COMPLEMENTARIAS**

Visitas a laboratorios onde o alumno poda ver, sobre todo, maquinaria e programa informático que non poden ver na aula

Visita a laboratorios dentais con CAD-CAM,

Visita a feiras de exposición de equipamentos dentais

**EXTRAESCOLARES**

Charla- coloquio sobre Normas de Seguridade e Hixiene.

As actividades que xurdan ao longo do curso, que os orzamentos do ciclo poidan pagar, sempre que sexa autorizado polo Consello Social.